

ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



Emilio Anadón

Frutos

Profesor de Bioloxía e
biólogo mariño

Nacemento: Barcelona 1917. Falecemento: Oviedo 1997

Autor/a da biografía: Mato Domínguez, Alfonso

Data de alta: 09/05/2014

Ámbitos de ocupación: Histoloxía / Bioloxía mariña /

Iniciou os seus estudos de Ciencias Naturais pouco antes do comezo da Guerra Civil e rematounos na Universidade Central de Madrid, na que obtivo a Licenciatura en Ciencias (Sección de Naturais), en 1941, con Sobresaínte e Premio Extraordinario, cualificación que tamén conseguiu cando se doutorou en Ciencias, na mesma Sección, en 1949. Nos anos que discorreron entre a licenciatura e o doutorado, ademais de dedicarse ás tarefas de investigación relacionadas coa súa tese no laboratorio do Museo de Ciencias Naturais baixo a dirección do seu mestre Salustio Alvarado, foi axudante de clases prácticas de Bioloxía Xeral (1942-3) e gañou por oposición a cátedra de Ciencias Naturais do Instituto de Ensino Medio Santa Irene de Vigo, centro onde exerceu a docencia entre 1943 e 1959 e no que desempeñou os cargos do secretario (1945-1957) e director (1957-9). Durante os anos que estivo como profesor do Instituto de Vigo, foi bolseiro dos laboratorios que tiña na cidade o Instituto Español de Oceanografía (IEO) (1948-9) e

o Instituto de Investigacións Pesqueiras (IIP) (1952-9). Tamén, cooperador do Centro de Investigacións Zoolóxicas do Instituto “José Acosta” do CSIC (1957-1965), do que máis tarde pasou a ser Profesor Agregado (1957-1965) e Profesor Agregado Honorario (a partir de 1965).

En 1959 obtivo a cátedra de Ciencias Naturais do Instituto San Isidro de Madrid, cidade a que se trasladou coa súa familia e na que permaneceu ata que gañou, en 1967, a cátedra de Zooloxía de Invertebrados non Artrópodos da Universidade de Oviedo, institución na que tamén exerceu os cargos de director de departamento de Zooloxía e Ecoloxía (1967-1985), decano da Facultade de Ciencias (1969-1976) e vicerreitor de Ordenación Académica (1976-1980). Durante a súa vida académica como catedrático universitario (1967-1989) e profesor emérito (1989-1994) dirixiu 11 teses doutorais e 27 memorias de licenciatura, e centrou os seus proxectos de investigación na Histoloxía e na Bioloxía mariña.

Entre 1957 e 1966, Emilio Anadón foi vogal, entre outros organismos e comisións, do Padroado da Misión Biolóxica de Galicia (1957-9), da Comisión de Bibliografía da Real Sociedade Española de Historia Natural (1965), da Primeira Comisión elaboradora dos Programas Oficiais de Oposicións a Cátedras de Instituto (1965), da Comisión de Ensino do II Plan de Desenvolvemento Económico e Social (1966), vogal suplente do Consello Nacional de Educación, como representante dos Institutos Nacionais de Ensino Medio e da Comisión Ditaminadora do Plan de Ensino Medio (1967). Ademais, participou activamente en moitas xuntanzas científicas, como asistente ou conferenciante, e en reunións de catedráticos de Ciencias Naturais de Ensino Medio, convocadas pola Dirección Xeral de Ensino Medio para perfeccionar o ensino das ciencias naturais e da bioloxía no bacharelato e a formación dos docentes.

Hai que salientar tamén o seu labor como autor de obras de divulgación científica e de libros de texto para o bacharelato: *Biología* (1964), en colaboración con Dimas Fernández-Galiano e Arturo Valls; os tratados *Biosy Geos*, publicados en 1968 en colaboración con Luis Solé Sabarís e Ana Torras; os seus libros de *Ciencias Naturales* para os cursos de 1º e 2º de bacharelato, editados en 1976 e 1977 en colaboración con M. E. Álvarez e R. Simancas; os seus artigos sobre bioloxía do *Diccionario de la Ciencia y de la Técnica* (1968) e o volume 3, *Invertebrados*, da *Enciclopedia Temática de Asturias* (1983).

O seu labor investigador

Como xa dixemos, o labor de investigación do profesor Emilio Anadón estivo centrado na histoloxía, na bioloxía mariña e na bioloxía pesqueira aplicada. Aquí comentaremos, sobre todo, os traballos científicos relacionados coa súa colaboración nos laboratorios de Vigo do IEO e do IIP, centro este último que axudou a montar e a organizar, avaliando favorablemente as instalacións do que fora Colexio Alemán como sede do organismo, e no que exerceu como bolseiro de histoloxía e estadística, aínda que Guerra y Prego (2003) subliñan que o seu perfil axustábase máis á figura actual do «investigador visitante», a pesar de que a súa dedicación foi diaria.

Entre os seus traballos de histoloxía sobre peixes, citaremos: “Nota sobre un tumor en *Trachurus trachurus* L.” (*Investigaciones Pesqueras*, 1957); ou o dedicado aos órganos luminosos da lampaderna, “Anatomía e histología de las placas luminosas caudales de *Lampadena nítida* (Tunning)” (*Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, nº 55, 1957). Do seu interese polos problemas biomatemáticos (tiña unha boa formación en matemáticas a través do seu pai, profesor desa disciplina na universidade), xurdiron

traballos como “Un procedimiento para el recuento de vértebras en los peces”, ou o realizado en colaboración con Andreu y Arte, “Sobre el significado de las variaciones de la media vertebral de la *Sardina pilchardus* Walb”, ambos publicados na revista de bioloxía aplicada do Instituto Español de Oceanografía.

Desde os seus primeiros traballos nos laboratorios oceanográfico e de investigacións pesqueiras de Vigo, mostrou Emilio Anadón o seu interese pola investigación en bioloxía pesqueira aplicada, que logo desenvolveu como investigador en solitario, coordinador de proxectos ou director de teses e memorias de licenciatura sobre o tema. Seguindo o artigo que o profesor Rafael Alvarado (1999) lle dedicou ao labor docente e investigador de Emilio Anadón, base desta biografía, citaremos as notas máis sobranceiras que escribiu sobre bioloxía pesqueira. Foi pioneiro no estudo de poboacións de pequenos peláxicos, da súa variación temporal e da dinámica plurianual das súas poboacións. Neste campo destacan os seus traballos: “Sobre sustitución alternativa en el litoral gallego de los llamados peces emigrantes (Sardina, Espadín, Anchoa y Jurel) (1950); “Estudios sobre la sardina del Noroeste español” (1954); “Movimientos de población. Consideraciones sobre formación de bancos y biología de peces pelágicos” (1955). Ademais, realizou estudos sobre a alimentación e o comportamento de diversas especies de peixes: “Observaciones sobre bancos y conducta alimenticia de *Aterían presbyter*, *Mugil provenzalis*, *Diplodus sargus* y *Diplodus vulgaris*” (1964); “Observaciones sobre bancos y conducta alimenticia de *Trachurus trachurus* y *Pagellus cantabricus*”. Entre 1957 e 1961, en colaboración con Sáiz e López-Benito publicou na *Revista de Investigaciones Pesqueras*, un extenso e pioneiro traballo, dividido en tres partes, sobre a hidrografía dunha ría: “Estudio hidrográfico de la Ría de Vigo”.

En canto á bioloxía mariña, salienta a identificación e publicación, en colaboración co seu fillo Ricardo Anadón, da primeira cita para España de un foronídeo (“Primera cita para España del phylum Phoronida”, *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, nº 71, 1973), e dentro da ecoloxía do litoral a tese que lle dirixiu ao seu fillo Ricardo: “Estudio ecológico de la playa de La Foz, Ría de Vigo, España, durante los años 1973-75” (1978). Esta tese é un bo exemplo da colaboración que Emilio Anadón seguiu mantendo, desde a súa cátedra de Oviedo, cos investigadores do laboratorio de Vigo do IPP, centro no que deixou unha importante influencia, sobre todo no referente a estudos histolóxicos e biomatemáticos.

Bibliografía:

Bibliografía secundaria:

ALVARADO, R. (1999): Emilio Anadón, un auténtico e integral naturalista, *Boletín de Ciencias de la Naturaleza RIDEA*, Universidad de Oviedo, 45: 159-176.

ARRIBAS JIMENO, Siro (1984): *La Facultad de Ciencias de la Universidad de Oviedo. Estudio histórico*, Oviedo: Universidad.

GUERRA SIERRA, Ángel; PREGO LEBOREDO, Ricardo (2003): *El Instituto de Investigaciones Pesqueras: tres décadas de historia de la investigación marina española*, Madrid: CSIC.

Queremos agradecer públicamente a aportación que fixeron a esta biografía os fillos de Emilio Anadón: Ricardo, Nuria e Araceli Anadón, Catedrático Honorario de Ecoloxía, Catedrática de Zooloxía e Profesora Titular de Zooloxía, respectivamente, da Universidade de Oviedo.

Como citar esta páxina:

Mato Domínguez, Alfonso ([2014], "Emilio Anadón Frutos", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 16/06/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=997>]

Máis información e materiais complementarios en
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=997>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202